

BASES DO CONCURSO DE CREACIÓN

Participa no calendario
CooperAcción 2022

SOMOSTERRA

A Cooperativa SomosTerra lanza a segunda edición do concurso de creación para a elaboración do “Calendario CooperAcción 2022” dirixido a calquera persoa que teña interese na sostibilidade.

1. Participantes

Poderán participar neste concurso calquera persoa que así o desexe, sempre que a sostibilidade forma parte da súa vida e as súas propostas se adecúen co exposto neste documento.

2. Temática: CooperAcción

Con este calendario queremos poñer de manifesto a necesidade de pasar a acción a favor da sostibilidade. Sabemos que cada vez somos máis as persoas que nos empeñamos en facer as cousas con sentidiño, tendo en conta o impacto que ten a nosa forma de interactuar co mundo que habitamos e poñendo en práctica iso que dan en chamar “desenvolvemento sostible”.

Pero... e se poñemos en práctica a cooperación para chegar a máis persoas? Imaxínaste ter un calendario que cada día inspire as persoas para contribuír coa sostibilidade? Esa é a temática deste concurso: invitámosvos a expresaros a favor da sostibilidade! Buscamos propostas que compartan a esa esencia de “vivir de forma sostible”, propostas que alimenten a cooperAcción! Cóntanos o que significa para ti a sostibilidade, expresa o que sentes cando soñamos cun mundo sostible. Cada vez somos máis cocreando a transformación socioecolóxica!

3. Modalidades

Fotografía, relato curto, poesía, ilustración, deseño.

4. Forma de presentación

A entrega debe realizarse nun arquivo png/jpg/pdf a través do correo comunidad@somosterra.gal e cubrir o formulario que encontrarás a continuación: <https://forms.gle/DoEATXnAX7vEbuw77>

5.-Data límite

As candidaturas serán aceptadas do 4 de outubro ata o día 3 de novembro (2021) ás 19:00h.

6.- Criterios de selección.

O xurado estará composto polo equipo da Área de comunicación da cooperativa SomosTerra. Os criterios de valoración das propostas serán a creatividade, a emoción transmitida, a orixinalidade e, especialmente, a capacidade de alentar a acción para fomentar a sostibilidade. Elixiranse 12 propostas que ocuparán cada mes do calendario. Ademais, tamén se seleccionará unha proposta extra para dar vida á portada do calendario.

7.-Premio e Resolución

As propostas gañadoras formarán parte do calendario CooperAcción 2022, dando visibilidade á autoría das mesmas. As persoas autoras recibirán un exemplar gratuíto do calendario unha vez impreso e un agasallo sorpresa creado pola cooperativa SomosTerra. Poñerémonos en contacto vía mail coas persoas gañadoras no momento da Resolución.

8.-Dereitos de autoría

Cada participante garante ser o titular dos dereitos sobre a obra presentada. Non obstante, as persoas autoras das propostas outorgan o seu consentimento e autorización á cooperativa SomosTerra para a reprodución, distribución, difusión, exposición e comunicación pública das obras presentadas así como para a creación do Calendario CooperAcción 2022.

9.- Datos de Carácter persoal.

A persoa participante autoriza á cooperativa SomosTerra, no caso de que a súa obra resulte seleccionada como gañadora, a empregar o seu nome na difusión do recoñecemento a través dos medios de comunicación da cooperativa (páxina web, canles en redes sociais o e-mail, entre outros) así como na elaboración do Calendario CooperAcción 2021.

Para calquera cuestión en materia de protección de datos, así como para o exercicio, no seu caso, dos dereitos de acceso, ratificación ou cancelación, a persoa interesada poderá dirixirse á cooperativa SomosTerra a través da seguinte dirección: comunidad@somosterra.gal

Tamén pode consultar a nosa política de privacidade [aquí](#).

BASES DO CONCURSO DE CREACIÓN

Participa no calendario
CooperAcción 2022

SOMOSTERRA